

# CONTO DE PRIMAVERA

Éric Rohmer, 1990

# 969

ESTREA EN NUMAX: 18.07.2022 | V.O.S.E.

Unha profesora de filosofía nova é invitada a pasar unha fin de semana no campo por unha amiga, quen tamén leva ao seu pai, que á súa vez vai acompañado da súa amante, á que a súa filla non soporta. Por determinadas circunstancias, a moza e o pai da súa amiga fican sós.

«Xogo sutil e intelixente sobre a inestabilidade dos sentimentos a través dunha trama de aparente simplicidade pero considerable substancia»

Redacción, FOTOGRAMAS



## Guións estragados pola vida

Por Yago París

No seu texto sobre as *Comedias e proverbios* de Rohmer, José Francisco Montero sinala, citando á súa vez a Joseph L. Mankiewicz, que os filmes do autor francés son guións estragados pola vida. Se atendemos á estrutura d'*O raio verde* (1986) vemos que encaixa perfectamente. No caso de *Conto de primavera* (1989) pódese sacar unha conclusión similar. Jeanne é unha profesora de filosofía de instituto que ten unha parella estable. Por unha serie de circunstancias, non pode durmir nin no seu piso nin no do mozo polo que acaba no de Natacha, unha moza á que vén de coñecer. Esta circunstancia lévaa a vivir un conxunto de experiencias que lle mostrarán que a vida é algo máis que o guión que tiña na súa mente. As estruturas de ambos filmes son similares, porén, os filmes tratan de temas moi diferentes. A protagonista d'*O raio verde*, Delphine é aínda unha moza, mentres Jeanne encara xa a madurez. Se Delphine está contenta co seu mozo, Jeanne comeza xa a sufrir o desgaste da monotonía, o que provoca a primeira diferenza: mentres a primeira se encontra cunha situación inesperada, imprevista, a segunda está a buscar que algo suceda.

Jeanne non quere durmir no piso do seu mozo cando el non está porque se sente especialmente soa. A súa presenza é o velo que cobre a realidade dunha relación marcada pola insatisfacción. Esta nova circunstancia lévaa a vivir unha pequena aventura en compañía de Natacha. Isto obsérvase nas dúas subtramas que se desenvolven durante este tempo. Por unha banda, a historia detectivesca sobre o colar desaparecido e, pola outra, a relación que establece co pai de Natacha, Igor. A Jeanne interésalle participar en ambas xa que supoñen unha ruptura coa súa realidade. A muller goza analizando os actos dos demais debido á súa grande intelixencia emocional e a súa capacidade para ficar no ámbito do racional. Resolver o misterio, saber se se trata dun complot orquestrado por Natacha para que Jeanne pase a ser a nova parella de seu pai e así quitarse de enriba a actual, Eve, a quen odia abertamente, será un grande aliciente para a protagonista.

Ambas historias terán un poderoso impacto sobre Jeanne pero non no sentido que ela agardaba. Este sopro de aire fresco convértese en vento furacanado que pon patas arriba o guión de Jeanne, tanto o xeito en que interpreta o mundo como a maneira en que se explica a si mesma. Jeanne quere manter a súa estabilidade pero ao mesmo tempo introducir algo novo na súa vida, e ese equilibrio vira insostible. A moza atópase na habitual disxuntiva da vida adulta, que se podería expresar como o conflito entre a expectativa, propia da mediana idade, de que as cousas se manteñan estable, e o medo de que unha vez todo estea en orde sexa todo tamén inerte.

A muller quere casar co seu mozo, pero máis por estabilidade emocional e mental que por puro desexo. Esta actitude conservadora, temerosa da propia vida, de que o guión fenda, xéralle unha insatisfacción permanente que foi medrando até o momento en que nos sitúa o filme, onde provoca un cambio de actitude na protagonista que a leva a tomar a acción. Porén, como se observa en todos os *Contos das catro estacións*, as historias tenden a funcionar como unha paréntese na vida dos protagonistas, algo que se observa con especial forza nos de primavera e de verán. Os filmes debeñen unha burbulla de experimentación que nalgúns casos leva á iluminación e noutros sume os personaxes nunha incerteza aínda maior.